



Estas bases foron aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de maio de 2017:

“BASES PARA A CONTRATACIÓN SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA SERVIZO DETERMINADO AOS EFECTOS DE FORMACIÓN DUNHA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIOS DO ANO 2017.

1º- Obxecto da convocatoria.

O obxecto da presente convocatoria, é a contratación de persoal laboral temporal, por contrato de servizo determinado, mediante concurso-oposición, para formar unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante a tempada de verán do ano 2017, persoal subvencionado tal e como sinala o Convenio de colaboración subscrito entre este Concello e a Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, mediante a actuación de medios de prevención e defensa, polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

Esta contratación será a 40 horas semanais prestadas de luns a domingo incluíse domingos, festivos e festas locais así como quedas de noite necesarias tendo os descansos que establece o texto refundido do estatuto dos traballadores fixando os horarios polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia e/ou a Alcaldía do Concello de Sobrado, e terá un período de duración aproximado de 3 meses, a modalidade contractual será dun contrato de servizo de duración determinada, a retribución mensual con paga extra xa prorrteada será:

Para Xefe de brigada: de 1.100,00 euros brutos mensuais.

Para peón condutor: de 900,00 euros brutos mensuais.

Para cada un dos tres peóns de brigada: de 830,00 euros brutos mensuais.

(quedando incluída a parte proporcional de paga extra nas retribucións sinaladas).

En aplicación do artigo 14 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores establecese un período de proba de quince días laborais.

Os traballos a realizar consistirán en:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable este persoal participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.

- Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

- Labores de vixiancia e extinción pero támén de prevención en faixas de xestión de biomosas ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido así como en vías e camiños forestais de titularidade municipal onde non sexa adecuada a mecanización das labores preventivas, realizando actuacións manuais mediante roza, rareo e eliminación de restos, trituración mecánica dos restos ou acordoamento.



AYUNTAMIENTO DE SOBRADO (A Coruña)
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

2ª.- Requisitos dos aspirantes.

A) Xerais:

- Ser de nacionalidade española, sen prexuicio do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
 - Ter cumplidos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
 - Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenrollo das funcións correspondentes.
 - Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servicio de calquera das administracións públicas, nin estar incapacitado ou inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar encurso en causas de incompatibilidade de conformidade ó disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- No seu caso, acreditación coñecemento galego.

B) Específicos:

Para o posto de xefe de brigada:

- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Enxeñeiro do Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.
- Carné de conducir B.

Para o posto de peón de brigada conductor:

- Estar en posesión do 1º ciclo de ESO ou equivalente (admitense certificados de escolaridade, garantía social ou equivalente).
- Carné de conducir B.

Para os 3 postos de peóns de brigada:

- Estar en posesión do 1º ciclo de ESO ou equivalente (admitense certificados de escolaridade, garantía social ou equivalente).

O cumprimento dos requisitos anteriores entenderánse referidos ao último día de prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no extranxeiro deberán posuér o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para a contratación.



DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN; NON OBRIGATORIA ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO.

De presentar esta documentación os/as aspirantes que esten en posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización da proba oral de acreditación do coñecemento do galego.

De non acreditarse o coñecemento do galego por non presentar méritos neste apartado será obligatoria a realización dun exercicio na data fixada polo Tribunal:

Exercicio do coñecemento de galego, de carácter obligatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral a realizar nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio ou proba será calificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio.



3ª.- Presentación de solicitudes e proceso de selección: Concurso-Oposición.

O Concello de Sobrado dará publicidade á convocatoria e as bases de selección e demás actos deste proceso selectivo por anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web facendo referencia ós requisitos que deben reunir os/as traballadores/as a contratar conforme da anterior base segunda.

Os/as aspirantes presentarán instancia (Anexo I) dirixida á Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Sobrado de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de **sete días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria, ou mediante calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981787577) durante o mesmo prazo de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra administración pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía fax, quedarán excluidos/as do procedemento de selección.

Na instancia farase constar que reunen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases acompañando:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da documentación xustificativa dos méritos que se aleguen.
- Informe ou certificado médico no que se faga constar que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das tarefas correspondentes a un membro dunha cuadrilla de incendios. Especial e específicamente que non padece lesión de corazón, pulmón, intestinais, transtornos psicológicos, incapacidade do aparato locomotor, a obesidade, a cegueira e/ou xordeira.
- No seu caso, fotocopia da titulación esixida para a praza a que opta.
- No seu caso, permiso de conducir.

Deberá indicarse presentarse en solicitudes de participación diferenciadas se quiere ser candidato/a a varias plazas e de ser seleccionado/a e superar ambos procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para contratación.



Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía acordará a aprobación da lista de admitidos e excluidos que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello. Os excluidos disporán dun prazo de dous días hábiles para a subsanación. Se non hai reclamacións a lista terá carácter definitivo, ademais de fixar a data, hora e lugar de realización das probas xunto coa composición do tribunal. Esta Resolución será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

4º.- Tribunal cualificador.

O Tribunal cualificador deste concurso-oposición será designado pola Alcaldesa-Presidenta do Concello de Sobrado.



5º.- Comezo e desenvolvemento das probas selectivas.

a) FASE DE OPOSICIÓN:

Primeiro exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio. Realización dunha proba física de esforzo e dun recoñecemento médico.

Proba física de esforzo. Realizarase a proba do banco. Emprégase un banco de 40 cm. de altura para homes e 33 para mulleres, co que se subirá e baixará a razón de 90 movementos por minuto (22,5 veces minuto) durante un periodo de cinco minutos. O ritmo márcase cun metrónomo. Unha vez finalizado este tempo a persoa que realizou o exercicio reposará quince segundos e unha vez finalizados tomaráselle o pulso (no pulso e no colo, contando as súas pulsacións durante outros quince segundos). A proba realizarase nun local tranquilo. Necesitarase unha báscula para obter o peso dos/as candidatos/as. Cos datos obtidos, idade, peso e pulsacións, pasarase as táboas reglamentarias que se acompañan (Anexo II) e determinarase a capacidade aeróbica. De non superarse esta proba ou o recoñecemento médico posterior, quedará eliminado do proceso selectivo.

Esta proba calificarase como apto-a/non apto-a, e terá carácter obligatorio e eliminatorio.

Segundo exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio.

Proba práctica. Realizarase unha proba de manexo de ferramentas precisas para o desenvolvemento das tarefas propias das prazas ás que se opta, durante o tempo máximo que determine o Tribunal.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar a proba, obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

b) FASE DE CONCURSO: A baremación de méritos farase unha vez rematada a fase de oposición e únicamente a aqueles aspirantes que superaran as probas selectivas da fase de oposición.

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 5,00. O Tribunal valorará os méritos alegados e xustificados documentalmente polos/as aspirantes conforme ao seguinte baremo:



1.- Cursos relacionados coa actividade a desenvolver: Puntuación máxima: **2 puntos**.

Por cada curso: 0,10 puntos por curso.

Acreditación destes méritos mediante copias compulsadas dos correspondentes títulos ou diplomas homologados.

2.- Experiencia profesional debidamente acreditada en postos similares: Puntuación máxima: **2,5 puntos**. Por cada mes de traballo: 0,10 puntos/mes.

Este mérito acreditarase mediante contrato de traballo e informe de vida laboral actualizado

3. Coñecemento do territorio do termo municipal: 0,5 puntos.

Valorase con 0,5 puntos a vinculación territorial do/a candidato/a ao ámbito seleccionado que deberá acreditarse con certificado de empadroamento no Concello de Sobrado.



6^a - Coñecemento da lingua galega.

Os candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da lingua galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente, deberán realizar unha proba oral de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

7^a.- Cualificación final.

A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

O Tribunal elevará á Alcadesa-Presidenta a correspondente proposta de contratación a favor dos/as candidatos/as que obtiveran a maior puntuación total. En caso de empate aplicarase o criterio da maior puntuación obtida na fase de oposición.

Se algún candidato inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acreditar os requisitos necesarios, a proposta de contratación do Tribunal seleccionador sería a favor dos seguintes con maior puntuación total.

8^a.- Contratación e Curso de Formación.

O contrato formalizarase á requerimento da Administración unha vez acreditado terse presentado polos aspirantes os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, no prazo de dous días naturais contados a partires da publicación da relación de aprobados no taboleiro de anuncios e na páxina web.

A duración do contrato será de tres meses dende a data de formalización do contrato.

Trala contratación os traballadores obríganse ao aceptar estas bases do proceso selectivo a realizar un curso teórico práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas cós contidos do anexo IV do Convenio de colaboración subscrito entre este Concello e a Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa, impartido por persoal competente. Este curso é obrigatorio para os



AYUNTAMIENTO DE SOBRADO (A Coruña)
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

integrantes da brigada áinda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores.

9ª.- Incidencias.

O Tribunal seleccionador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso en todo o non previsto nestas Bases.

10ª.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se acudirá ao disposto na legislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, no disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no disposto no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e no Real Decreto Lei 8/1997, do 16 de maio, e demais legislación concordante en materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal ao servizo das administracións públicas.

11ª.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións da Comisión, poderán impugná-los os interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.”

Sobrado, 25 de maio de 2017



A Alcadesa,

Asdº.- M^a Jesús García Souto

A secretaria-interventora,

Asdº.- M^a del Mar Pérez Caamaño





AYUNTAMIENTO DE SOBRADO (A Coruña)
Plaza Portal, nº 1. 15813 SOBRADO (A Coruña)

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D./Dna....., con DNI número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....
Localidade.....telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para selección de.....da brigada de prevención e defensa contraincendios 2017.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Informe ou certificado médico.
- Fotocopia da titulación esixida para a praza a que opto.
- Fotocopia compulsada do permiso de conducir.
- Certificado do coñecemento da lingua galega.
- Documentación xustificativa dos méritos que alego.

* Tamén son candidato no proceso selectivo de selección de persoal para a brigada de prevención e defensa contra incendios na categoría de.....
.....e de ser seleccionado tras ambos procesos selectivos sinalo como prioridade do meu interés a praza deda brigada de prevención e defensa contra incendios renunciando a praza de
.....

En Sobrado, a de de 2017.

Asdº.:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SOBRADO.

ANEXO I

Cuadro A

CÓEFICIENTE DE SALUD (mujeres)

3

	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1	28	29	29	29
15	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1	30	30	30	30
44	33	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	31	31	31	31
43	32	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	32	32	32	32
42	31	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	33	33	33	33
41	30	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	34	34	34	34
40	29	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	35	35	35	35
39	28	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	36	36	36	36
38	27	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	37	37	37	37
37	26	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	38	38	38	38
36	25	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	39	39	39	39
35	24	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	40	40	40	40
34	23	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	41	41	41	41
33	22	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	42	42	42	42
32	21	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	43	43	43	43
31	20	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	44	44	44	44
30	19	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	45	45	45	45
29	18	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	46	46	46	46
28	17	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	47	47	47	47
27	16	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	48	48	48	48
26	15	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1	49	49	49	49
25	14	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1		50	50	50	50
24	13	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1			51	51	51	51
23	12	11	10	9	8	7	6	5	4	3	2	1				52	52	52	52
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	115	120	125	130

COMO USAR LAS TABLAS:

- ① Buscar su peso.
 - ② En la columna encontrar el número de pulsaciones después de hacer ejercicio.
 - ③ En la fila que indica las pulsaciones, encontrar la tasa de aptitud en la columna que indique su peso.
 - ④ Con el coeficiente de salud pesar el cuadro ⑤
 - ⑤ Encontrar el resultado ajustado por edad junto a la edad más cerca a la suya.

COEFICIENTE DE SALUD (hombres)

3

Cuadro B

Tomar el resultado (del ③) y ajustar por edad.

(5)

EDAD MAS PRÓXIMA	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
15	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
20	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
25	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
30	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
35	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
40	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
45	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
50	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
55	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
60	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
65	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
70	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
75	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73
73	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	32	33	34	35	36	37	38	39	40	41	42	43	44	45	46	47	48	49	50	51	52	53	54	55	56	57	58	59	60	61	62	63	64	65	66	67	68	69	70	71	72	73

COEFICIENTE DE SALUD (del ③)


(4)

De la intersección de la columna del coeficiente de salud y de la fila de la edad más próxima obtenemos la capacidad aeróbica.

Capacidad aeróbica igual o superior a 45: Brigadas Especiales.

Capacidad aeróbica entre 40 y 45: Otras Brigadas.

Capacidad aeróbica menor de 40: No apto para la extinción de incendios forestales.



Subida y bajada del banco